


queres ser a estrela do nadal betanceiro? 

# CONCURSO DE CARTEIS DO NADAL CONCELLO DE BETANZOS 2023



## Bases:

1. O motivo do cartel será o Nadal.
2. Poderá participar neste concurso todo o alumnado que estea a cursar a educación infantil, primaria e con diversidade funcional no noso municipio.
3. O cartel deberá realizarse nunha cartolina de 40x30 cm con calquera técnica artística.
4. O idioma utilizado no cartel deberá ser o galego.
5. Os carteis poderán realizarse de xeito individual ou en grupo. Os carteis feitos en grupo non poderán sobrepasar os/as tres alumnos/as.
6. Cada alumno/a só pode participar cun cartel.
7. Os carteis deberán indicar na súa marxe inferior dereita o nome do/a autor/a, así como o curso e centro de ensino a que pertence.
8. Os carteis que opten a este concurso poderán presentarse ata o venres 24 de novembro nos centros de ensino onde estuden.
9. Os carteis participantes serán expostos nas instalacións do edificio Arquivo entre o 1 de decembro do 2023 e o 13 de xaneiro de 2024. Unha vez rematada a exposición os carteis serán devoltos a os centros escolares de orixe para que poidan ser retirados polos seus autores.

Non te esquezas!



## Xurado:

O xurado estará formado polos seguintes membros:  
Alcaldesa de Betanzos ou concelleiro/a en que delegue e un representante do profesorado de cada un dos centros de ensino de Betanzos participante.

Será competente para interpretar as presentes bases e tomar as decisións pertinentes.

O fallo do xurado, que será inapelable, publicarase nos medios de comunicación.

A participación no presente concurso supón a total aceptación das presentes bases.

## Premios:

Concederase un único primeiro premio ao cartel seleccionado polo xurado, así como os accésits que estime, que consistirán en material didáctico.

O cartel escollido será o que ilustre o XLI Programa de festexos do Nadal e Aninovo do Concello de Betanzos.

Organiza  Concello de Betanzos

BETANZOS  
cerca